

Procedemento: Resolución do 28 de abril de 2025, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral na temporada 2025-2026 a partir da dramaturxia creada no proxecto *Santa Bárbara* de Santiago Cortegoso, gañador da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2024/25.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 29 de abril de 2025, publicouse na páxina web da Agadic (<https://industriasculturais.xunta.gal>) a Resolución do 28 de abril de 2025, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral na temporada 2025-2026 a partir da dramaturxia creada no proxecto *Santa Bárbara* de Santiago Cortegoso, gañador da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2024/25.

2 O punto 6 das bases reguladoras (Anexo I) do procedemento de selección recolle que se constituirá unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará integrada por:

- A persoa responsable da dirección do Centro Dramático Galego, que ostentará a presidencia.
- Unha persoa do cadro de persoal da axencia, que exercerá as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.
- Unha persoa representante de cada unha das asociacións e colectivos adheridos ao proxecto "Bolsa de dramaturxia e creación" que ostentarán a condición de vogais.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e declararán baixo responsabilidade que non incorren nalgunha das causas de abstención ou recusación previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2 No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".



En base ao exposto,

RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de selección, que segundo o punto 6 do Anexo I terá a seguinte composición:

Presidente:

Francisco Javier Núñez Alonso (coordinador do CDG)

Vogais:

- 1 Antonio Vázquez Turnes (Federación Galega de Teatro Afeccionado)
- 2 María Francelina Crespo Méndez (Asociación de actores e actrices de Galicia)
- 3 Rocío Salgado Pérez (Escena Galega)
- 4 Francisco Oti Ríos (Academia Galega de Teatro)
- 5 Cristina Domínguez Dapena (Consello da Cultura Galega)
- 6 Jorge Rey Rivas (Unión Internacional de Marioneta, sección Galicia)
- 7 Diana Longa Collazo (Revista Galega de Teatro)
- 8 Xavier Castiñeira Blanco (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)
- 9 Julia Sueiro Fojón (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)
- 10 Carlos Ignacio Labraña Barrero (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega)
- 11 Belén Brandido Gutiérrez (Asociación de Profesionais do Circo de Galicia)

Secretaría:

Ana Balado Fontenla (Agadic)

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

